

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Curso online de prevención do suicidio na terceira idade.

Entidade executante

Fundación Lar pro saúde mental Vilagarcía de Arousa

Ámbito territorial

A localización física do programa será Vilagarcía de Arousa pero ao tratarse dun curso telemático o programa abranguerá toda a comunidade autónoma.

Persoas destinatarias

Profesionais sociosanitarios/as adicados ao ámbito da terceira idade

Obxectivos

Xeral: Formar para previr e detectar síntomas de depresión e de condutas autolíticas en poboación da terceira idade.

Específicos:

▪ Psicoeducación de Depresión e Suicidio:

Reducir o estigma sobre depresión e a conducta suicida.

Fomentar unha actitude de axuda ós afectados.

Proporcionar coñecementos acerca da depresión e a conducta autolítica.

▪ Habilidades de Resiliencia:

Fomentar un estilo de vida mentalmente saudable que potencie os factores de protección e a resiliencia emocional.

▪ Habilidades de Gatekeepers – Supervisores de apoio:

Mellorar a sensibilidade e detección de sinais de risco dos achegados.

Proporcionar estratexias de manexo e apoio que faciliten a obtención de axuda profesional

Metodoloxía

Curso de 80 horas desenvolto entre o 20 de setembro e o 20 de decembro de 2021, que se distribuirá en catro módulos temáticos impartidos a través de plataforma web, a través dos cales aprenderemos a previr e detectar síntomas de depresión e condutas autolíticas en terceira idade, a fomentar os factores de protección e resiliencia emocional e a adquirir estratexias de manexo e apoio.

<https://larprosaludmental.com/es/articulo/194-curso-online-prevencion-del-suicidio-en-3-edad>